

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO  
CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE XANEIRO DE 2006-**

**ASISTENTES:**

**Alcalde-Presidente:**

D. Gumersindo A. Rguez. Liz

**CONCELLEIROS:**

Dna. Isabel García Toirán  
D. Manuel López López.  
D. José Rodríguez Pérez  
D. Francisco López Castaño  
D. Manuel Gay Fernández  
Dna. M<sup>a</sup> Jesús Gil Castro.

No salón de Sesións da Casa Consistorial de O Páramo (Lugo), sendo as 11,30 hrs. do día 26 de Xaneiro do ano 2.006, e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Gumersindo A. Rodríguez Liz, reúnese en 1<sup>a</sup> convocatoria o Pleno desta Corporación coa asistencia dos Sres. Concelleiros expresados á marxe.

Non asisten á sesión os sres. concelleiros seguintes: D. José Fernández López e D. Xosé López Gai.

Da fe do acto o Secretario-Interventor titular da Corporación, D. Antonio Lorenzo Morandeira.

Aberta a sesión pola Presidencia, pásase a análise dos puntos incluídos na orde do día.

**1.- APROBACIÓN BORRADOR ACTA SESIÓN ANTERIOR.-**

Pola Presidencia sométese á aprobación do Pleno o Borrador da Acta da Sesión anterior celebrada o día 24 de Novembro de 2.005.

Ó non formularse reclamacións nin observacións á mesma , queda aprobada por unanimidade.

**2.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

En cumprimento do disposto na normativa vixente, dase conta ó Pleno das seguintes Resolucións adoptadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria celebrada:

- Resolución da Alcaldía nº 11/2.005, do 14 de Novembro, pola que se presta aprobación á certificación nº 2 e derradeira das obras de "Mellora Instalacións Eléctricas no Campo da Feira", polo importe de 73.459,63 € e se da conta á Xunta de Goberno Local ós efectos da súa ratificación.
- Resolución da Alcaldía nº 12/2.005, do 29 de Novembro, pola que ,advertido erro na relación valorada da certificación nº 2 e derradeira das obras de "Mellora Instalacións Eléctricas no Campo da Feira", se procede á súa subsanación e á aprobación da nova certificación por esa mesma contía, coa anulación da anterior.
- Resolución da Alcaldía nº 13/2005, do 9 de Decembro, pola que se acorda modificar á Dna. Ramona López López, veciña de Friolfe, ás condicións na prestación do servizo de axuda a domicilio.
- Resolución da Alcaldía nº 14/2005, do 13 de Decembro, pola que se acorda prestar aprobación ó expediente de modificación de créditos nº 7/2005, consistente en transferencia de créditos entre partidas do mesmo grupo de función e distinto capítulo, polo importe de 4.000,00 €.
- Resolución da Alcaldía nº 15/2005, do 28 de Decembro, pola que se acorda modifica-lo contrato de consultoría e asistencia dos traballos de "Redacción Plan Xeral de Ordenación Municipal", consistente no establecemento dun novo calendario de desenvolvemento dos devanditos traballos.

Queda decatado o Pleno.

### 3.- MOCIÓN S GRUPOS MUNICIPAIS.-

Seguidamente dase lectura por Secretaría á seguinte Moción presentada polo Grupo Municipal do B.N.G. :

D. Xosé López Gai e Dna. M<sup>a</sup> Jesús Gil Castro, Concelleiros do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Corporación Municipal de O Páramo, en base á lexislación vixente presentan a seguinte

**Moción sobre PROMOCIÓN DE INICIATIVAS QUE FOMENTEN A CREACIÓN DE EMPREGO NO CONCELLO. -**

***Exposición de Motivos. -***

O desenrolo da economía e do benestar social do noso concello depende en gran medida das iniciativas empresariais que se leven a cabo por pare dos veciños, e,

en moitos casos, estas necesitan do apoio das institucións públicas. O concello, no ámbito local, pode desempeñar un papel decisivo neste eido.

Dispoñemos dun recente estudio, con motivo das disposicións da Axenda 21, que nos mostra a realidade do noso entorno e posibilitanos poñer en marcha actuacións encamiñadas a preservar e mellorar as condicións do emprego existentes e a crear novas expectativas laborais.

Temos que pensar especialmente naqueles colectivos que teñen máis dificultades para desempeñar con normalidade un emprego: as mulleres ou os homes que teñen ao seu cargo nenos ou persoas maiores, os xóvenes que se inician na vida laboral, persoas con algún tipo de minusvalía física ou psíquica...

**Acordo. -**

1. Estudiar a viabilidade de novos proxectos relacionados coas actividades económicas predominantes no noso concello: as explotacións agropecuarias.  
Tendo en conta cales son as maiores preocupacións da nosa sociedade: a saúde, a familia, as condicións do traballo, o aproveitamento do tempo de ocio.
2. Asociar ou agrupar a persoas interesadas en construír un futuro acolledor no Páramo, que colaboren co concello no plantexamento de iniciativas e na difusión de toda a información referida ás mesmas.
3. Poñerse en contacto directamente con persoas que se atopan en situación de desemprego ou precariedade laboral e facelas partícipes de todo aquilo relacionado coa creación de emprego.
4. Manter e coidar, tratando de conseguir a efectividade desexada e de que cheguen ao maior número de persoas posible, as actuacións que xa se están levando adiante.

Aberto o turno de quendas, intervén a Concelleira do B.N.G. Dna. M<sup>a</sup> Jesús Gil Castro, e sinala que a creación de emprego é fundamental e dende o Concello pódese facer máis. Débese ter en conta as carencias existentes na situación actual e promove-las actividades empresariais necesarias para palialas, e apoiando as xa existentes.

Actualmente a base económica do Municipio é a actividade agropecuaria e o resto da poboación debe busca-lo traballo noutros municipios.

Entende que debe realizarse dende o Concello un estudio previo co fin de potencia-la creación de emprego en servizos con demanda como son os servizos sociais, na agricultura ecolóxica, o servizo de gardería infantil, turismo rural etc...

Intervén a continuación o Sr. Alcalde e manifesta que este é un tema complicado e máis dados os escasos recursos económicos do Concello.

Dende o Concello estanse a crear , dende fai xa uns anos e en colaboración con outras administracións , diversos postos de traballo públicos a través de programas como o Programa Labora, os Programas de Colaboración, etc...

En canto ó servizo de gardería infantil, ( P.A.I. ) xa se habían feito xestións co goberno anterior da Xunta para a creación no Municipio dun Punto de Atención á Infancia. Haberá que retoma-las xestións e estudar se hai demanda suficiente e si o servizo é viable.

Propónse a creación dunha comisión municipal para o estudio e seguimento deste tema, constituída pola Alcaldía, un representante de cada grupo político e a técnico local de emprego.

Finalmente e sometido a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

1º.- Aproba-la moción presentada polo grupo municipal do BNG

2º.- Creación dunha Comisión Municipal para o estudio e seguimento do tema integrada pola Alcaldía, a Técnico Local de Emprego, e os seguintes representantes dos grupos políticos: Dna. Isabel García Toirán, do Grupo Municipal Popular, Dna. M<sup>a</sup> Jesús Gil Castro do grupo municipal do BNG e D. José Fernández López do Grupo Mixto (PSdeG-PSOE).

#### 4.- ROGOS E PREGUNTAS.-

⇒ Dna. M<sup>a</sup> Jesús Gil Castro, Voceira do BNG pregunta á Alcaldía si a axuda concedida a SD Páramo, de 7.000,00 € é anual ou corresponde á tempada actual.

Pola Alcaldía contéstase que a devandita axuda corresponde á tempada 2015/16 e independientemente dos seus dous primeiros meses de actividades complementarias.

⇒ Dna. M<sup>a</sup> Jesús Gil Castro, pregunta á Alcaldía si polo equipo de fútbol se presentan os xustificantes pola axuda económica recibida.

Pola Alcaldía maniféstase que no momento da súa constitución se presentou por esta Sociedade Deportiva o correspondente balance de ingresos e gastos, reiterándose agora anualmente a concesión da devandita axuda.

⇒ Dna. M<sup>a</sup> Jesús Gil Castro, pregunta á Alcaldía si a axuda de 1.200,00 € concedida á Peña GV, tamén se outorga a outras asociacións.

Pola Alcaldía contéstase que as axudas económicas concedida ás distintas asociacións varían en función do gasto das distintas actuacións programadas.

⇒ Dna. M<sup>a</sup> Jesús Gil Castro pregunta á Alcaldía polo destino dos 43.000,00 € que figuran nas diversas facturas da acta da Xunta de Goberno Local de data 2/09/05, para rebacheo.

Pola Alcaldía contéstase que ese investimento correspóndese coas obras incluídas no Plano Provincial de Cooperación ( POS ) do ano 2.005, realizadas durante os meses de Xullo e Agosto, polo sistema de Administración coa colaboración da maquinaria da Deputación Provincial; a fin de acometer todas aquelas actuacións de rexeneración ou rebacheo de pistas non incluídas no Plano de Infraestructuras d Xunta de Galiza.

E non habendo máis asuntos que tratar no orde do día , pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 12,30 horas do día ó principio indicado, de todo o cal eu o Secretario dou fe.